

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

12837 *Real decreto 1181/2018, do 21 de setembro, relativo á indicación da orixe do leite utilizado como ingrediente na etiquetaxe do leite e os produtos lácteos.*

O Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, sobre a información alimentaria facilitada ao consumidor e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1924/2006 e (CE) n.º 1925/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derrogan a Directiva 87/250/CEE da Comisión, a Directiva 90/496/CEE do Consello, a Directiva 1999/10/CE da Comisión, a Directiva 2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, as directivas 2002/67/CE e 2008/5/CE da Comisión, e o Regulamento (CE) n.º 608/2004 da Comisión, constitúe a normativa que harmoniza na Unión Europea os requisitos que rexen a información alimentaria e, en particular, a etiquetaxe dos alimentos. Así mesmo, establece normas detalladas sobre a indicación do país de orixe ou lugar de procedencia.

De acordo co citado Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, actualmente, a indicación do país de orixe na etiquetaxe do leite e do leite como ingrediente de produtos lácteos, en principio, é unha información voluntaria, dado que a Comisión, unha vez presentado o informe ao Parlamento Europeo e ao Consello, sobre a posibilidade de ampliar a etiquetaxe obrigatoria da orixe ao leite e ao leite como ingrediente de produtos lácteos, a que se refire o artigo 26.5, b) e c) do citado regulamento, ata o momento non adoptou ningún acto legislativo.

Non obstante, de acordo co previsto no artigo 26.2.a) do Regulamento (UE) 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, a dita indicación da orixe será obrigatoria cando a súa omisión poida inducir a erro o consumidor en canto ao país de orixe ou ao lugar de procedencia real do produto.

Ao mesmo tempo, o artigo 26.3 do citado Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, establece que cando se mencione o país de orixe ou o lugar de procedencia dun alimento e este non sexa o mesmo que o do ingrediente primario, se indicará tamén o país de orixe ou o lugar de procedencia do ingrediente primario de que se trate, ou ben se indicará que é diferente ao do alimento. Este requisito será de aplicación a partir do 1 de abril de 2020, momento da entrada en aplicación do recente Regulamento de execución (UE) 2018/775 da Comisión, do 28 de maio, polo que se establecen disposicións de aplicación do artigo 26, número 3, do Regulamento (UE) 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre a información alimentaria facilitada ao consumidor no que se refire ás normas para indicar o país de orixe ou o lugar de procedencia do ingrediente primario dun alimento.

Por outra parte, adicionalmente, o citado Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, no seu artigo 39, habilita os Estados membros para introducir medidas nacionais sobre a indicación obrigatoria do país de orixe ou do lugar de procedencia. A adopción deste tipo de normas está condicionada a que se demostrase a existencia dunha relación entre determinadas calidades do alimento e a súa orixe ou procedencia. Así mesmo, deben existir probas de que a maioría dos consumidores considera importante que se lles facilite esa información.

Neste sentido, a través dos resultados de enquisas dirixidas ao consumidor español, xustificouse ante a Comisión Europa que a orixe do leite e dos produtos lácteos constitúe unha información demandada pola maioría dos consumidores en España que, ademais, vinculan a mención do país de orixe á calidade do alimento.

Isto permite acreditar que este real decreto respecta as condicións previstas no Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011.

Por tanto, dada a importancia atribuída á etiquetaxe de orixe do leite e dos produtos lácteos, considerouse oportuno regular esta materia, con carácter experimental, durante un período de dous anos, en liña con regulacións similares establecidas noutros Estados membros da contorna. Todo isto co obxecto de proporcionar información máis completa sobre a orixe do leite empregado como materia prima que facilite ao consumidor o seu dereito á elección de compra.

O concepto de país de orixe dun alimento, en virtude do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, determínase de conformidade coas normas da Unión Europea sobre a orixe non preferencial, reguladas actualmente polo Regulamento (UE) n.º 952/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de outubro de 2013, polo que se establece o código alfandegueiro da Unión, segundo o cal, cando na produción dun alimento interveña máis dun país ou territorio, terá a súa orixe naquel en que se producise a súa última transformación ou elaboración substancial, efectuada nunha empresa equipada para tal efecto, e que conducise á fabricación dun produto novo ou que represente un grao de fabricación importante.

Porén, a aplicación deste concepto ao leite e aos produtos lácteos podería producir situacións onde o leite puidese ser muxido ou transformado en países diferentes ao país de orixe do produto final, o que non permitiría informar suficientemente os consumidores sobre a orixe do leite empregado.

Por tanto, parece pertinente prever unha indicación adecuada do lugar de muxidura e de transformación do leite, de modo que se satisfagan mellor as necesidades dos consumidores e, ao mesmo tempo, se evite unha complexidade da etiqueta, así como cargas demasiado gravosas ás empresas, que finalmente incidirían no prezo final do produto.

Con todo, con independencia do anterior, o criterio para a adquisición do país de orixe do produto final réxese polo disposto no Regulamento (UE) n.º 952/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de outubro de 2013.

Por outra parte, adicionalmente á información obrigatoria que se debe facilitar en virtude do presente real decreto, os operadores de empresas alimentarias teñen a posibilidade de engadir información máis precisa do lugar de procedencia do leite, mediante a indicación do nome dunha rexión ou territorio que o consumidor pode asociar inequivocamente ao país de orixe do leite e sempre que, para o mesmo tipo de produto, o nome da rexión ou territorio non coincida cun nome protexido en virtude do Regulamento (UE) 1151/2012, do 21 de novembro de 2012, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios.

De conformidade co artigo 39 do Regulamento (UE) 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, este real decreto ten por obxecto regular as normas relativas á indicación obrigatoria da orixe do leite utilizado como ingrediente na etiquetaxe do leite e dos produtos lácteos.

No proceso de elaboración desta norma seguíronse os trámites preceptivos de consulta pública previa e de audiencia e información pública. Así mesmo, foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados e emitiu informe favorable a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

A presente disposición foi sometida ao procedemento de notificación á Comisión Europea, previsto no artigo 45 do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011.

Adicionalmente, en relación coas disposicións sobre información adicional voluntaria do artigo 5, este real decreto foi sometido ao procedemento previsto na Directiva 2015/1535/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se establece un procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información.

O contido deste real decreto axústase aos principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da Lei 39//2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, xustifícase esta norma na necesidade de establecer unha ordenación adecuada do sector lácteo. Cúmprese o principio de proporcionalidade e a regulación límitase ao mínimo imprescindible para aplicar a normativa da Unión Europea. En aplicación do principio de eficiencia, límitanse as cargas administrativas ás imprescindibles para conseguir os fins descritos, sempre dentro do marco da Unión Europea. En aplicación do principio de transparencia, ademais da audiencia pública, durante a tramitación desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades representativas dos sectores afectados e foron consultados os consumidores a través de distintos medios. E, en función do principio de seguridade xurídica, esta iniciativa é coherente con todo o ordenamento xurídico.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Sanidade, Consumo e Benestar Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de setembro de 2018,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto desta norma é regular a indicación obrigatoria da orixe do leite utilizado como ingrediente na etiquetaxe do leite e dos produtos lácteos elaborados en España que se comercializan no territorio español.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. As disposicións deste real decreto son aplicables á etiquetaxe de todos os tipos de leite e produtos lácteos relacionados no anexo que se comercialicen envasados, de acordo co artigo 2 do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, sobre a información alimentaria facilitada ao consumidor e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1924/2006 e (CE) n.º 1925/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derrogan a Directiva 87/250/CEE da Comisión, a Directiva 90/496/CEE do Consello, a Directiva 1999/10/CE da Comisión, a Directiva 2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, as directivas 2002/67/CE e 2008/5/CE da Comisión, e o Regulamento (CE) n.º 608/2004 da Comisión.

2. Para efectos da indicación da orixe do leite como ingrediente na etiquetaxe dos produtos a que se refire o número 1, establécense as seguintes disposicións:

a) Enténdese por leite o definido na parte III do anexo VII do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007.

b) Inclúe o leite procedente de todas as especies de animais de abasto.

c) Indicarase a orixe do leite utilizado como ingrediente que represente unha porcentaxe superior ao 50 por cento, expresada en peso, respecto ao total de ingredientes utilizados.

3. Porén, como excepción ao indicado no parágrafo anterior, na etiquetaxe dos produtos citados no anexo que estean regulados no título II do Regulamento (UE) n.º 1151/2012, do 21 de novembro de 2012, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios, a indicación sobre a orixe que establece o presente real decreto será voluntaria.

Artigo 3. *Etiquetaxe. Indicación da orixe do leite utilizado como ingrediente na etiquetaxe do leite e dos produtos lácteos.*

1. A etiqueta do leite e dos produtos lácteos a que se refire o número 1 do artigo 2, enumerados no anexo, destinados ao consumidor final ou ás colectividades, incluírá as seguintes indicacións obrigatorias, relativas ao leite utilizado como ingrediente:

- a) «País de muxidura: (lugar onde se muxiu o leite)».
- b) «País de transformación: (lugar onde se transformou o leite)».
- c) Cando as operacións de muxidura e transformación ocorran nun mesmo país, as mencións das alíneas a) e b) poderanse substituír pola mención «Orixe do leite: (lugar onde o leite foi muxido e transformado)».
- d) O lugar de muxidura e o lugar de transformación indicaranse mediante referencia a unha das zonas xeográficas seguintes:

- 1.º Estado(s) membro(s) ou terceiro(s) país(es); ou
- 2.º «UE» ou «fóra da UE» ou «UE e fóra da UE»; ou
- 3.º «España», sempre que o país de muxidura ou de transformación sexa exclusivamente España; non se poderá substituír pola expresión «UE».

2. As mencións previstas no número 1 figurarán cerca da lista de ingredientes e expresaranse co mesmo tamaño e cor de fonte utilizados para a lista de ingredientes.

3. Cando, de conformidade co artigo 19, número 1, letra d), do Regulamento (UE) 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, non figure na etiquetaxe a lista de ingredientes, as mencións previstas no número 1 figurarán cerca da denominación do alimento e expresaranse con caracteres do mesmo tamaño e cor de fonte utilizados para a denominación do alimento.

4. As indicacións sobre a orixe do número 1 en ningún modo estarán disimuladas, tapadas ou separadas por ningunha outra indicación, imaxe ou outro elemento interposto e cumpriran os requisitos en canto a dispoñibilidade e presentación das mencións obrigatorias, establecidos no Regulamento (UE) 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011.

Artigo 4. *Rastrexabilidade.*

Os operadores de empresas alimentarias disporán de documentos, sistemas ou procedementos adecuados que permitan demostrar, ante a autoridade competente, o país de orixe do leite empregado na elaboración do leite e produtos lácteos incluídos no ámbito deste real decreto e a conformidade da etiquetaxe destes produtos.

Artigo 5. *Información adicional voluntaria.*

Os operadores de empresas alimentarias poderán completar as indicacións obrigatorias establecidas no artigo 3, con información adicional máis precisa do lugar de procedencia rexional ou territorial do leite, se este procede enteiramente da orixe indicada e sempre que o nome de tal rexión ou territorio non coincida cun nome protexido en virtude do Regulamento (UE) 1151/2012, do 21 de novembro de 2012, do Parlamento Europeo e do Consello, para o mesmo tipo de produto.

A información adicional mencionada no parágrafo primeiro estará en consonancia coas indicacións a que se refire o artigo 3 e deberá referirse ao nome dunha rexión ou territorio pertencente, inequivocamente, ao país de orixe do leite que figura na etiqueta.

A mencionada información adicional cumprirá os requisitos aplicables á información alimentaria voluntaria do capítulo V do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011.

Disposición adicional única. *Cláusula de recoñecemento mutuo.*

Os requisitos deste real decreto non se aplicarán aos produtos legalmente fabricados ou comercializados nos outros Estados membros da Unión Europea ou en países terceiros.

Disposición transitoria primeira. *Comercialización de existencias de produtos.*

Poderanse comercializar os produtos fabricados antes da entrada en vigor deste real decreto que satisfagan as disposicións aplicables no dito momento ata que se esgoten as súas existencias.

Disposición transitoria segunda. *Período de aplicación.*

As disposicións deste real decreto serán aplicables ata dous anos despois da entrada en vigor.

Porén, en caso de que a Comisión Europea, antes da finalización do período de aplicación desta disposición, adopte un acto de execución no sentido do artigo 26 do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, en relación coa etiquetaxe obrigatoria do país de orixe ou do lugar de procedencia dos produtos referidos no ámbito de aplicación deste real decreto, este perderá os seus efectos desde a data de entrada de aplicación do dito acto da Comisión Europea.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase de conformidade co disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución española, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos catro meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de setembro de 2018.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade,
CARMEN CALVO POYATO

ANEXO

Lista de produtos a que se aplican as disposicións deste real decreto

Código nomenclatura combinada (NC)	Leite e produtos lácteos
0401	Leite e nata, sen concentrar, azucarar nin edulcorar doutro modo.
0402	Leite e nata, concentrados, azucrados ou edulcorados doutro modo.
0403	Soro de manteiga, leite e nata callados, iogur, quefir e demais leites e natas fermentados ou acidificados, mesmo concentrados, azucrados ou edulcorados doutro modo ou aromatizados, ou con froita ou cacao.
0404	Lactosoro, mesmo concentrado, azucrado ou edulcorado doutro modo; produtos constituídos polos compoñentes naturais do leite, mesmo azucrados ou edulcorados doutro modo, non expresados nin comprendidos noutras partidas.
0405	Manteiga e demais materias graxas do leite; pastas lácteas para untar.
0406	Queixos e requieixo.